



**O.E.P. 2017-2018-2019  
BOMBEIRO, QUENDA LIBRE  
RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS Ó SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN - PROBAS DE  
APTITUDE FÍSICA-, Á TOMA DE MOSTRAS E Á CONVOCATORIO DO CUARTO EXERCICIO,  
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

O órgano de selección do proceso selectivo para a provisión en propiedade de prazas de funcionario de carreira bombeiro (C2), vacantes nos cadros de persoal do Concello Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, sistema de selección concurso oposición, doce prazas por quenda libre, (bases xerais e específicas publicadas no BOPPO 07/07/2020, rectificación de erros no BOPPO 26/10/2020), en sesión do día 23 de abril de 2021, ditou, entre outros, os seguintes ACORDOS:

**A) RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Ó SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN.  
PROBAS DE APTITUDE FÍSICA:**

**1.- RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POR MARÍA TERESA CAMIÑA CALVAR.**

Motivos sucintos.- A aspirante alega que na proba de 400 m lisos realizada o 7/04/2021, o xuíz de saída tarda máis do acostumado en dar a saída, o que motiva que en dúas ocasións xire a cabeza para comprobar se estaba a ocorrer algo, o que lle fai perder o equilibrio e sobrepasar involuntariamente a liña de saída. Alega que ao comunicar a súa desconformidade con que o acontecido fose unha saída nula, as persoas presentes que se facían cargo do control da proba comezaron a discutir o ocorrido con aparente discordancia entre eles.

Tamén alega a aspirante que a súa saída nula serviu de precedente ao resto dos aspirantes, que se beneficiaron de ser informados especificamente sobre as normas. Solicita repetir a proba e continuar no proceso.

Acordo.- Os xuíces da Federación Galega de Atletismo non tiveron ningunha dúbida en determinar que o acontecido supuxese claramente unha saída nula, e así consta no parte de descualificación expedido no que se informa que a aspirante “sobrepasou a liña de saída antes de realizarse o disparo” polo que o órgano de selección aplicando os criterios establecidos acordou a súa descualificación.

De acordo cos criterios de avaliación:

*“A voz de “Listos” os opositores adoptaran a posición de saída e gardarán completa inmovilidade. Non se permitirán movementos deliberados para atrasar a saída.*

*-Cando os opositores estean totalmente inmóbiles dispararase a pistola de cronometraxe electrónico marcando o inicio da proba.*

*-A saída falsa leva consigo a descualificación. Tan so se permite unha saída. Descualifícase a quen se adiante o disparo de saída ou infrinxa deliberadamente as normas establecidas.”*

O órgano de selección publicou coa convocatoria da proba estes criterios de avaliación na web municipal en data 26/03/2021, para xeral coñecemento dos aspirantes e no taboleiro de anuncios do Concello. Carteis con estas mesmas normas foron pegadas na zona de entrada, e nos dous valados que separaban as zonas de quentamento en zona de herba nas pistas de atletismo de Balaídos antes do



inicio da proba. Asemade, a todos os opositores, sen excepción, se lle recordou por un membro do tribunal os devanditos criterios de realización e avaliación da proba.

Polo exposto, ó órgano de selección acorda desestimar as reclamacións presentadas.

## 2.- RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POR RODRIGO FERRAZ CASTIÑEIRAS.

Motivos sucintos.- Solicita algún tipo de proba gráfica ou foto finish onde se lle aclare o motivo da súa descualificación. Indica que descoñecía que este feito causara descualificación, así como que non se deixara realizar a saída en tres apoios.

Solicita que se lle repita a proba.

Acordo.- As probas non son gravadas e unicamente hai foto finish da chegada, polo que non se dispón desta. O órgano de selección contou co asesoramento de xuíces da Federación Galega de Atletismo debidamente cualificados e independentes para garantir que a proba se executase de acordo cos criterios legalmente establecidos e coa máxima obxectividade. Os xuíces da Federación Galega de Atletismo emitiron parte de descualificación no que se informa que o aspirante *“na rúa dúas realizou tres apoios ó interior da liña esquerda da súa rúa, un deles completamente ó interior desta e os outros dous sobre ela”* polo que o órgano de selección aplicando os criterios establecidos acordou a súa descualificación.

O órgano de selección publicou coa convocatoria da proba os criterios de avaliación na web municipal en data 26/03/2021, para xeral coñecemento dos aspirantes e no taboleiro de anuncios do Concello. Carteis con estas mesmas normas foron pegadas na zona de entrada, e nos dous valados que separaban as zonas de quentamento en zona de herba nas pistas de atletismo Balaídos antes do inicio da proba. Asemade, a todos os opositores, sen excepción, se lle recordou por un membro do tribunal os devanditos criterios de realización e avaliación da proba.

De acordo cos criterios de avaliacións:

*“- Será descualificado quen pise tan so unha vez as liñas que delimitan a rúa”.*

Tendo en conta o anterior, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións presentadas.

## 3.- RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POR XURXO SANDA MACHO.

Motivos sucintos.- Solicita a visualización das gravacións audiovisuais correspondentes aos chamamentos das 14:00 horas da primeira proba física: combinada de corda, escaleira/dominadas; que se publicou a convocatoria do terceiro exercicio sen ter resolto ás alegacións do segundo exercicio; que no anuncio inicial do resultado das puntuacións non se indicaba o prazo de tres días para alegacións e que despois se substituíu por outro no que se si se indicaba sen deixar rastro da substitución; que se incumpriron e alteraron as instrucións publicadas no documento de medidas de protección fronte ó Covid-19, que se incumpriron as bases e instrucións publicadas no documento convocatoria segundo exercicio (probos de aptitude física), que existiron disparidade de criterios para contabilizar as dominadas, alega ás probas de 400 m e espazo confinado.

Solicita paralización do proceso e a nova convocatoria das probas que compoñen o segundo exercicio da fase de oposición.

Acordo.- As probas non son gravadas polo que non se pode remitir ningunha gravación. O órgano de selección contou co asesoramento dunha xuíz da Federación Galega de Ximnasia debidamente cualificada e independente para garantir que a proba combinada se executase de acordo cos criterios establecidos. O tribunal valorou a proba seguindo as indicacións da xuíza cualificada e imparcial na súa



actuación, non percibindo diferencias na súa actuación duns aspirantes a outros. A dita xuíza asesora, da Federación Galega de Ximnasia, presente na proba informou a todos os opositores do tempo de descanso tras subir a corda aos 20, 25 e 30 segundos, tal e como recollían as instrucións publicadas. Na realización da proba respectáronse, en todo momento, as bases e criterios de avaliación publicados.

Respecto ao prazo para presentación de alegacións, as bases xerais que rexen o proceso selectivo establecen claramente no apartado décimo sétimo INCIDENCIAS que *contra os acordos dos Organos de Selección, os/as aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación*, polo que independentemente de que o órgano de selección así o faga constar ou non en calquera resolución, ese é o prazo establecido e que o aspirante debe coñecer. En todo caso, o aspirante puido presentar as reclamacións pertinentes como así fixo. A presentación das reclamación non suspende a execución do proceso de acordo co disposto legalmente.

A instrución publicada sobre a roupa e calzado de deporte refírese á prohibición de utilizar o vestiario para cambiarse, polo que ós aspirantes debían acudir coa roupa e calzado de deporte.

Respecto ó alegado ás probas de 400 m liso e espazo confinado fai consideracións xenéricas respecto dunhas probas as cales non realizou polo que se inadmiten.

Por todo o exposto, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións en canto se refiren á proba combinada e inadmitilas respecto das probas de 400 m liso e espazo confinado.

#### 4.- RECLAMACIÓNS PRESENTA POR SANTIAGO FERNÁNDEZ TALLAFIGO

Motivos sucintos.- Alega que o boneco utilizado na proba de espazo confinado pesaba mais de 60 kg, segundo a súa experiencia uns 65 kg, que os distintos escenarios planteados polo tribunal non eran equivalentes xa que a disposición de apertura das portas de entrada e saída variaban segundo o percorrido sorteado.

Solicita que o tribunal rectifique e repita a proba.

Acordo.- O modelo de boneco utilizado na proba é o RLN50 da marca RUTH LEE cun peso de 50 kg ó que se lle engadiu un chaleco da mesma marca que este portaba de 10 kg de peso, polo que se cumpriu co establecido nas bases específicas de bombeiro que rexen o presente proceso selectivo. Así o recollen os documentos de características técnicas do boneco e chaleco utilizados.

Tal e como expón o alegante, establecéronse escenarios diferentes e con dificultade equivalente, pero en contra do que entendeu, en todos eles as portas de entrada e saída abrían cara o interior do recinto. Segundo os distintos escenarios, alternábanse as dúas portas como porta de entrada ou de saída, pero en todos os casos se entraba empurrando a porta e se saía tirando dela, co mesmo grao de dificultade para todos os opositores. Todos eles debían abandonar o recinto co mesmo boneco, en condicións de absoluta escuridade e tirando da porta para abri-la.

Tendo en conta o anterior, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións presentadas.

#### B) RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á TOMA DE MOSTRAS.

##### 1.- RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POR MARIO TAIBO CASTRO E CARLOS LAMEIRO COUTO:

Motivos sucintos.- Alegan que o aspirante Alexandre Pérez Correa non se presentou á hora na que estaba convocado para a toma de mostrás realizada o día 12 de abril de 2021, polo que en aplicación da base novena da xerais e do establecido nas bases específicas de bombeiros respecto do terceiro exercicio da oposición debeu ser excluído do proceso selectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/04/2021 11:00

Páxina 3 de 5

Expediente 36846/220

CSV: 29EAD7-2282CF-2BB939-Z2WBPZ-EW1WBE-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Solicitan a exclusión do proceso selectivo de Alexandre Pérez Correa.

Acordo.- Os aspirantes foron convocados para a toma de mostras que se realizou o día 12 de abril de 2021, a diferentes horas da mañá, segundo ían rematando a proba de natación de 100 m que se realizou na piscina municipal do Carme o día 10 de abril de 2021. A dita convocatoria de toma de mostras íaselle indicando polo secretario do órgano de selección de “viva voz” e entregándolle unha anotación manuscrita nun papel.

O aspirante Alexandre Pérez Correa non se presentou á hora na que foi convocado, chegando máis tarde cando faltaban tres aspirantes por realizar a toma de mostras. O aspirante xustificou a súa tardanza na súa convicción de que o día de toma de mostras era o 13 de abril de 2021 ás 10:30 horas, en vez do día anterior -12 de abril de 2021-, tamén alegou que consultou a paxina web do Concello do proceso selectivo e que non había ningún anuncio da convocatoria da toma de mostras, e que foi avisado telefonicamente comparecendo para a toma de mostras cando lle foi posible e antes de que rematase esta.

Tendo en consideración a natureza da actuación “toma de mostras”, que a base oitava das xerais que rexen o proceso selectivo, apartado 8.4.5. Publicidade, indica que:

*“Todas as actuacións do órgano de selección se publicarán no taboleiro de editos da corporación, así como na páxina web do concello [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento”*

e, tamén, o establecido na base décimo primeira das xerais, parágrafo final no que se indica que:

*“Unha vez comezados os exercicios dos procesos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas no Boletín Oficial da Provincia. Será suficiente coa publicación polo órgano de selección na dirección web municipal (<http://www.vigo.org>), no taboleiro de editos da casa do concello (...)”*

polo que o órgano de selección debeu convocar a toma de mostras mediante a publicación do correspondente anuncio na web municipal e no taboleiro de anuncios do concello -como fixo coas demais probas- e que ao non ter realizado esta actuación que esixen as bases, considera que non procede a exclusión do aspirante por chegar tarde a toma de mostras, pero antes da súa finalización e cando as bases específicas de bombeiros que rexen o proceso selectivo, terceiro exercicio, admiten xustificación válida ante a non presentación a súa realización.

Polo, exposto o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións formuladas.

### C) RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA Á CONVOCATORIA DO CUARTO EXERCICIO, COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

#### 1.- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR ADRIÁN CORBACHO RODRÍGUEZ

Motivos sucintos.- Alega que achegou o Celga 3 en tempo, polo que debería estar exento de realizar o cuarto exercicio, coñecemento da lingua galega, e achégao novamente.

Acordo.- Examinado o expediente electrónico do proceso selectivo de bombeiro e os documentos achegados polo aspirante, non consta que achegara o documento acreditativo de posuír o Celga 3 ou equivalente. Na súa solicitude de admisión no proceso selectivo alega posuír o Celga 3 pero non o aporta.

A Bases Quinta e Décimo Terceira das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020), sinalan a necesidade de achegar a acreditación de posuír o Celga 3 ou equivalente homologado, para estar exentos da realización da proba, o que debeu efectuar o aspirante no prazo de presentación de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/04/2021 11:00

Páxina 4 de 5

Expediente 36846/220

CSV: 29EAD7-2282CF-2BB939-Z2WBPZ-EW1WBE-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020). A achega nestes intres do Celga 3 resulta extemporánea.

Polo exposto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación presentada. Lémbrese ó reclamante/aspirante que o cuarto exercicio, coñecemento da lingua galega, é obrigatorio e non eliminatorio, polo se non comparece a súa realización a que está convocado quedará excluído do proceso selectivo.

O que se fai público para os efectos da súa notificación ós reclamantes, informándolles que contra estes acordos do órgano de selección poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio na web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Vigo, na data da sinatura electrónica

O secretario do órgano de selección.- Secundino Otero Faílde

A presidenta do órgano de selección.- Isabel Cabeza Pereiro

